

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	VIVEIRO
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Xiao de Landrove
<b>Dirección</b>	Lugar da Igrexa, Landrove, s/n. 27867
	43.628388640597834 -7.6013559183342725
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>A igrexa primitiva era románica. Hoxe en día tan só quedan restos deste estilo. O presbiterio reedificouse no ano 1654, sendo mestre de obras Pedro González. No ano 1915, derradeira reforma, que afectou ó frontis.</p> <p>Fachada principal con tres tramos separados por pilastras adousadas ó muro; nos laterais, xanelas enmarcadas por sillares no central, porta alintelada cunha celosía de pedra.</p> <p>Muros de pizarra, angulares de sillería. Teitume de madeira e tellado e barrotiño de pizarra.</p> <p>A porta do muro norte da nave presenta, polo interior, arco lixeiramente apuntado, polo exterior, alintelada.</p> <p>Unha saeteira con derrame interior e arco redondeado polos dous lados racha o muro meridional.</p> <p>No alzado sur exterior, alpendre a dúas vertentes sobre dous pilares prismáticos, con pavimento de cantos rodados.</p> <p>Espadana de dous corpos con vans de arcos de medio punto e tres campás, ornamentación de pirámides emboladas.</p> <p>O interior do templo consta dunha nave rectangular, capela maior e sancristía. Na nave, restos da estrutura románica, principalmente no alzado da parte sur, no que se ven uns sete canzoros de cabezas humáns.</p> <p>Capela adousada á nave á que se accede por un arco de medio punto sobre pilastras.</p>
<b>Campás</b>	3 campás.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	
<b>Data</b>	

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
	<a href="#">Campá (1)</a>	<a href="#">MANCLÚS, SALVADOR</a>	1975	28	13

Información completa: [Igrexa de San Xiao de Landrove - VIVEIRO \(GALICIA\)](#)

